

**CONCELLO DE
SANTIAGO**


Remítese acordo adoptado polo Pleno da Corporación do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o día 19 de abril de 2018, en relación a moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para a implantación dunha renda básica universal.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2018.

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,



**Federación Galega
de
Municipios e Provincias
Rúa Varsovia, 4C
15707-Santiago de Compostela**



CONCELLO DE SANTIAGO

Comunícolle que na sesión plenaria ordinaria que tivo lugar o día 19 de abril de 2018, despois do debate, e en relación á moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, con número de rexistro de entrada 104, do día 11 de abril de 2018, para a implantación dunha renda básica universal, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor, correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 votos en contra, correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal Popular, acorda:

1.- Apoiar expresamente a Resolución 2197 do 23 de xaneiro de 2018, da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa, en todos e cada un dos seus puntos e nas recomendacións finais.

2. Instar ao Goberno do Estado a que apoie esta mesma Resolución e a desenvolver todas as medidas que sexan necesarias para implantar unha Renda Básica Universal no Estado Español.

3. Instar a Xunta de Galicia a promover un debate público sobre este tema e adoptar as medidas necesarias para avanzar, no marco das súas competencias, na implantación dunha Renda Básica Universal.

4.- Que o Concello de Santiago de Compostela adopte as medidas necesarias para fomentar un debate público entre a veciñanza compostelá sobre a Renda Básica Universal.

5.- Remitir copia deste acordo a todos os Concellos de Galicia, ás Deputacións Provinciais, á Xunta e aos Grupos Parlamentarios de Galicia e ao Goberno e aos Grupos Parlamentarios do Estado, a efectos do seu coñecemento e máis do seu debate e apoio.

O que se lle comunica para os efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2018.

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

